

# CALENDARIO E INFORMACIÓN

## AVALIACIÓN ORDINARIA 1º BACHARELATO

	Luns, 10 de xuño	
GRUPO	HORA	AULA
1º F	16:30	S.C
1º E	17:15	S.C
1º D	18:00	S.C
1º C	18:45	S.C
1º B	19:30	S.C
1º A	20:15	S.C
1º G	19:30	PA20
1º H	20:15	PA20

**PUBLICACIÓN DAS NOTAS:** As cualificacións da avaliación ordinaria de 1º de bacharelato publicaranse en ABALAR o día 10 de xuño **ás 22:00h.** Quen desexe o boletín de cualificacións en papel pode solicitalo na Secretaría do Centro ao día seguinte.

**INFORMACIÓN SOBRE AS CUALIFICACIÓNS:** O alumnado que desexe algunha información sobre a súa cualificación deberán manifestalo por escrito, mediante solicitude presentada en conserxería o día 11 de xuño e ata as 10h do día 12. O profesorado atenderá ao alumnado o día 12 ás 11:15 horas na Sala do profesorado.

**RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO:** Regulado pola Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022 do 15 de setembro. No caso de que o alumnado non quedara conforme coa información dada polo profesor/a da materia, pode elevar unha reclamación ante o Centro os días 13 e 14 de xuño. A solicitude deberá ser presentada en modelo oficial que estará dispoñible na Secretaría do Centro. O alumnado que realizou a reclamación ante o Centro poderá recoller a resolución o día 18 de xuño en horario de 12 a 14h. No caso de que, tras o procedemento de revisión no Centro, persista o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) na Secretaría do Centro os días 19 e 20 de xuño reclamación ante a Dirección Territorial.

# CALENDARIO E INFORMACIÓN AVALIACIÓN ORDINARIA EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS

Luns, 10 de xuño

GRUPO	HORA	AULA
ESA	17:30	PA20

**PUBLICACIÓN DAS NOTAS:** As cualificacións da avaliación ordinaria do módulo IV da ESA publicaranse en ABALAR o día 10 de xuño ás 20:00h. Quen desexe o boletín de cualificacións en papel pode solicitalo na Secretaría do Centro ao día seguinte.

**INFORMACIÓN SOBRE AS CUALIFICACIÓNS:** O alumnado que desexe algunha información sobre a súa cualificación deberá manifestalo por escrito, mediante solicitude presentada en conserxería o día 11 de xuño e ata as 10h do día 12. O profesorado atenderá ao alumnado o **día 12 ás 11:15 horas na Sala do profesorado.**

**RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO:** Orde 26 de maio de 2023 polo que se desenvolve o Decreto 156/2022 do 15 de setembro. No caso de que o alumnado non quedara conforme coa información dada polo profesor/a da materia, pode elevar unha reclamación ante o Centro os días 13 e 14 de xuño. A solicitude deberá ser presentada en modelo oficial que estará dispoñible na Secretaría do Centro. O alumnado que realizou a reclamación ante o Centro poderá recoller a resolución o **día 18 de xuño** en horario de 12 a 14h. No caso de que, tras o procedemento de revisión no Centro, persista o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) na Secretaría do Centro os días **19 e 20 de xuño** reclamación ante a Dirección Territorial.